

# Introdución

Xosé M. Núñez Seixas

Universidade de Santiago de Compostela

Arquivo da Emigración Galega (CCG)

Domingo L. González Lopo

Cátedra UNESCO sobre Migracións / Universidade de Santiago de Compostela

Recóllese neste volume unha parte dos contributos presentados á IV Xuntanza da Rede de Arquivos e Investigadores da Escrita Popular (RedAIEP) que, co título Memoria Escrita, Historia e Emigración, tivo lugar en Santiago de Compostela, coorganizada polo Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega, a Cátedra UNESCO sobre Migracións da Universidade de Santiago de Compostela e mais a propia Rede de Arquivos e Investigadores da Escrita Popular, entre os días 6 e 8 de novembro de 2008, baixo a coordinación científica dos que este libro editamos e mais do profesor Antonio Castillo Gómez (Universidad de Alcalá), director da RedAIEP. O noso primeiro agradecemento, pois, diríxese ás institucións e organismos que fixeron posíbel a celebración das xornadas e que, así mesmo, tamén facilitaron que unha boa parte dos seus froitos vexa agora a luz.

En beneficio da homoxeneidade temática do volume, foi incorporado o artigo da profesora María Liliana Da Orden, da Universidad Nacional de Mar del Plata (Arxentina). O resultado é, estimamos, o primeiro volume colectivo de ámbito ibérico que ten como tema específico a análise da correspondencia emigratoria como fonte e como desafío metodolóxico e teórico para a historia das migracións. Con iso, pretendemos ir asentando no ámbito dos estudos migratorios ibéricos unha reflexión de calado máis fondo sobre a precisa ampliación das temáticas que cómpre incluír baixo a ampla e polivalente etiqueta da “historia das migracións”, e así mesmo sobre o valor dos documentos persoais, intimamente relacionados coa escrita popular, coa oralidade e mais coas fontes fotográficas, que dende hai tres décadas vén percorrendo con intensidade desigual outros ámbitos historiográficos europeos, e así mesmo varias das historiografías dos países de inmigración, nomeadamente os Estados Unidos de América. Unha reflexión que tivo xa certa continuidade na sesión monográfica sobre as escritas da ausencia que, baixo o suxerente título de *Nós e os Outros*, tivo lugar no marco do Congreso Internacional *As Ilhas do Mundo e o Mundo das Ilhas*, organizado

polo Centro de Estudos de História do Atlântico na Madeira entre o 26 e o 30 de xullo do 2010, baixo a coordinación científica do Dr. Henrique Fernandes Rodrigues, e que promete ter futuros desenvolvementos a partir das ideas alí debatidas.

Como se lembrou de maneira oportuna neste último congreso, as historiografías ibéricas son das poucas grandes historiografías europeas nas que até o de agora non se levou a cabo unha edición emblemática de cartas de emigrantes, aínda que si existen precedentes máis ou menos circunscritos a áreas concretas ou períodos específicos, tanto para a emigración galega contemporánea como para o período colonial español. Quizais o feito de que a historiografía galega sobre as migracións se conte entre as máis prolíficas á hora de tratar a cuestión da relación entre correspondencia e emigración, xunto coa propia dimensión masiva da propia emigración galaica, sobre todo na fase do éxodo masivo (1880-1930), pero tamén nas épocas anteriores e posteriores, se reflecta tamén na presenza de tres contributos específicos sobre emigrantes galegos (os textos de Domingo L. González Lopo, Raúl Soutelo e M.<sup>a</sup> Liliana Da Orden), amais dunha reflexión xeral que ten moi en conta as propias experiencias dos estudos migratorios galegos nesa cuestión. Porén, tanto o contributo de Laura Martínez Martín, centrado na experiencia da emigración asturiana a América a través das cartas, como o de Óscar Álvarez Gila, que enfoca os problemas suscitados pola documentación epistolar no caso vasco, e mais o de Henrique Fernandes Rodrigues sobre o aínda pouco tratado caso da emigración portuguesa a Brasil dende a perspectiva das cartas dos emigrantes, rematando co artigo de Verónica Sierra Blas verbo do fascinante e particular caso dos “nenos da guerra” de 1936-39 como mostra dun tipo de literatura epistolar peculiar, por ser mostra de escrita infantil e de exilio asemade, arrequecen as perspectivas territoriais e temporais deste volume. E, doutra banda, todos eles propoñen cuestións e debates de ámbito claramente suprarrexional e supranacional, na medida en que se insiren nas discusións globais sobre a correspondencia e os estudos migratorios, e nos presentan como a partir de casos concretos e de fontes privadas e aparentemente máis locais que ningunha é posíbel abordar cuestións teóricas e metodolóxicas de relevancia historiográfica transnacional.

Non é o noso propósito aquí ofrecer un resumo nin unha panorámica detallada das diversas cuestións tratadas polos autores e autoras que contribúen a este libro. En

todo caso, si podemos sinalar que nel está presente unha mostra significativa canto ás épocas tratadas, aínda que cun claro predominio do século XX, e mais dos diferentes destinos, pois trátanse exemplos de Cuba, Arxentina e Brasil.

O contributo de Xosé M. Núñez Seixas, catedrático de Historia Contemporánea da USC e membro da Comisión Técnica do Arquivo da Emigración Galega, tenta ofrecer unha panorámica comparativa dos avances e dos desafíos teóricos e metodolóxicos que presenta o estudo das escritas migratorias ibéricas, inseríndoos nas principais liñas da discusión internacional. Propón para iso unha vía utilitarista e ecléctica asemade para o emprego como fonte de posibilidades diversas, aínda que non autosuficiente, da correspondencia emigrante, e igualmente presenta un tipo de epistolarios que ilustran un aspecto até o de agora escasamente tratado na historiografía migratoria internacional, como é o da correspondencia emitida e recibida polas asociacións de emigrantes e as súas posibilidades de análise.

Pola súa banda, Henrique Fernandes Rodrigues, doutor en Historia pola Universidade do Porto e profesor do Instituto Politécnico de Viana do Castelo, bo coñecedor da emigración decimonónica dende o Norte de Portugal cara ao Brasil, esculca nos ricos e até o de agora case inexplorados fondos epistolares lusos, no seu caso os fondos do Arquivo do Goberno Civil de Viana do Castelo, e ilústranos de xeito ameno e documentado sobre as diferentes dimensións da experiencia migratoria dos miñotos no Brasil, cun claro protagonismo no seu caso das cartas da década de 1860. Vemos como temáticas e preocupacións son, no fondo, semellantes ás que inzan nas cartas de medio século despois.

Óscar Álvarez Gila, profesor titular de Historia de América na Euskal Herriko Unibertsitatea e na actualidade profesor visitante no Centro de Estudos Vascos da Universidade de Nevada (Reno) no intre de saír este libro, aborda no seu contributo algúns dos problemas teóricos e metodolóxicos que suscitan as correspondencias emigrantes, exemplificados no caso das cartas conservadas de emigrantes vascos a América, e que resume no seu carácter fragmentario, no seu relativo elitismo social (e cultural), especialmente relevante no caso dos emigrantes euscaldúns, e mais nas eivas para interpretar o seu contido. Non por iso cae no escepticismo metodolóxico, mais si nos alerta contra dos perigos, tamén expostos por outros autores do volume, da fascinación acrítica pola fonte epistolar.

Raúl Soutelo Vázquez, profesor de ensino medio no IES de Porto do Son e un dos pioneiros na recuperación da memoria escrita e epistolar da emigración galega nos últimos anos a través da súa incansábel actividade investigadora, que se verá en breve tempo culminada nunha modélica tese de doutoramento, ofrécenos non só un percorrido bibliográfico comentado e exhaustivo sobre o estado da cuestión do uso da documentación epistolar na historiografía migratoria galega, senón que tamén fornece unha serie de útiles indicacións sobre como recuperar a correspondencia dos emigrantes dende o ámbito local, e sobre como construír a memoria popular mediante a intervención activa e selectiva (que non necesariamente performativa) do historiador.

Laura Martínez Martín, da Universidad de Alcalá e coordinadora técnica da Rede de Arquivos e Investigadores da Escrita Popular, leva a cabo igualmente un amplo repaso por unha mostra significativa de correspondencia de emigrantes asturianos entre os finais do século XIX e as dúas primeiras décadas do século XX, pondo de manifesto as diferentes funcións que as cartas adquiriron na xestión dos patrimonios na distancia, así como na canalización da información sobre os lugares de destino, as oportunidades laborais e mais o reforzamento e conservación dos vencellos familiares.

María Liliana Da Orden, doutora en Historia pola Universidad de Oviedo e profesora da Universidad Nacional de Mar del Plata, unha das expoñentes da brillante escola de estudos migratorios arxentinos e boa coñecedora da inmigración española na Arxentina en xeral e en Mar del Plata en particular, ofrécenos a través das cartas de quen denomina un “coruñés atípico” unha vivaz análise das opcións tomadas por un inmigrante que seguiu un roteiro singular, como empregado do Casino de Mar del Plata, e mais das súas relacións cos seus coteráns e parentes, tanto emigrados como non emigrados, facendo amplo uso da teoría de redes sociais.

O profesor Domingo L. González Lopo, profesor de Historia Moderna da USC e coordinador adxunto da Cátedra UNESCO n.º 226 sobre Migracións no seo daquela, aborda o estudo dun interesante epistolario de case que trescentos documentos, formado por cartas cruzadas durante catro décadas entre os membros dunha mesma familia residentes en Galicia, Bos Aires e Salvador de Baía (Brasil). Un conxunto documental singular por ser fundamentalmente feminino, fronte ao protagonismo masculino que adoitan ter a maioría dos epis-

tolarios, e tamén excepcional por contarmos coas respostas enviadas dende Galicia. Isto rompe co carácter unidireccional que adoitan presentar estas fontes, xa que o habitual é dispormos unicamente das cartas enviadas polos emigrantes e que chegaron aquén mar. Trátase dun epistolario que nos axuda a entender, pola frecuencia case compulsiva das misivas, a importancia que tiña a súa presenza física —máis alá do seu contido— para manter ligados aos seus redactores, así como o decisivo dos envíos que acotío as acompañaban —cartos e alimentos— para escorrentar a fame nas duras épocas de posguerra e racionamento. Mais, ao mesmo tempo, esas cartas infórmanos tamén de como as novas e as remesas recibidas da casa —en forma de produtos da matanza ou de condimentos— axudaron a manter vivas determinadas pautas culturais, contribuíndo así a que non esmorecesen trazos esenciais da idiosincrasia do colectivo galego residente alén mar.

Finalmente, a doutora Verónica Sierra Blas, profesora axudante do Departamento de Historia I e Filosofía da Universidad de Alcalá, e outra das representantes da Escola de Alcalá e da tradición incipiente en España da Historia da Escrita Popular, ofrécenos un exemplo singular, cronoloxicamente o máis achegado e o máis orixinal do punto de vista da orixe do epistolario e das súas características. É un caso de exilio e de escrita infantil asemade, o que fai xurdir novos interrogantes metodolóxicos que a autora resolve con mestría: en que medida os *nenos da guerra* eran quen de expresar sentimentos e opinións a través das súas epístolas dende a URSS nos anos 1937 e 1938? A autora suxire un vieiro metodolóxico, o de *ler entre liñas*, que sen dúbida é ilustrativo dunha certeza común a todos os estudos sobre as escritas populares da emigración: os silencios adoitan ser máis importantes, moitas veces, que as afirmacións explícitas. Iso contribúe ao discreto engado das fontes epistolares, mais provoca interrogantes e desafíos sobre a súa utilidade para o historiador. Os artigos aquí reunidos son boa mostra deles.

Toda grande obra é unha obra colectiva. Por tanto, só nos resta agradecer máis unha vez ás institucións colaboradoras a súa participación e comprensión, e aos autores e autoras que contribuísen a ela. Como ben dicía Castelao, hai moito sitio aínda para labourar no seu seo. Ao público lector correspóndelle agora xulgar o resultado.

Santiago de Compostela, setembro de 2010